

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005).

En cumprimento do disposto no artigo 34 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, publícase como anexo a esta resolución o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa e a autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005).

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2023

Pablo Fernández Vila
Director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005)

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Naturgy Renovables, S.L.U., en relación coas autorizacións administrativas previa, de construción e a declaración de utilidade pública do parque eólico Campo das Rosas, constan os seguintes:



Primeiro. O 26.10.2017 o promotor, Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U. solicitou as autorizacións administrativas previa e de construción, a declaración de utilidade pública, así como a aprobación do proxecto sectorial e a declaración de especial interese para o parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra). O 26.1.2018 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas notificoulle ao promotor a admisión a trámite da dita solicitude.

Segundo. O 4 de novembro de 2019 tomouse razón na Dirección Xeral de Enerxía e Minas do cambio de denominación social de Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U. a favor de Naturgy Renovables, S.L.U.

Terceiro. O 23.12.2019, Naturgy Renovables, S.L.U. presentou solicitude de autorización administrativa de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación para a modificación substancial do proxecto denominado Parque Eólico Campo das Rosas (expediente IN408A 2017/005) ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. O 7.5.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas notificoulle ao promotor a admisión a trámite da dita solicitude de modificación substancial.

Cuarto. O 23.7.2020, esta dirección xeral solicitou os informes recollidos nos artigos 33.4 e 33.5 (da versión anterior á última modificación da lei, conforme a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia) ao órgano ambiental e ao órgano competente en materia do territorio.

Quinto. O 16.10.2020, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe de referencia do artigo 33.5 da Lei 8/2009 onde se indica que os aeroxeradores cumpren as distancias de 500 metros e se recollen os organismos que deberán emitir informe para a aprobación definitiva do proxecto sectorial.

Sexto. O 30.10.2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu o informe de referencia do artigo 33.4 da Lei 8/2009, en que indica o procedemento ambiental que se seguirá e os organismos que se consultará durante a fase de información pública.

Sétimo. O 21.1.2021 esta dirección xeral remitiulle a documentación técnica do proxecto do parque eólico Campo das Rosas á Xefatura Territorial de Pontevedra para a continuación da tramitación.



Oitavo. Mediante Resolución do 19 de febreiro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, sometéronse a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2017/05).

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 2.3.2021 e no xornal *El Faro de Vigo* do 2.3.2021. Así mesmo, permaneceu exposto ao público nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados (A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro), e nas dependencias da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xefatura Territorial de Pontevedra, que emitiu o correspondente certificado de exposición pública.

Así mesmo, a dita resolución estivo exposta no portal web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Durante o trámite de información pública, así como durante a tramitación do expediente presentáronse alegacións, as cales foron remitidas e contestadas pola promotora.

Noveno. Durante a tramitación do procedemento, e de acordo co establecido no número 12 do artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Xefatura Territorial de Pontevedra remitiulles, para a emisión dos correspondentes condicionados técnicos, as separatas do proxecto de execución do parque eólico aos seguintes organismos e empresas de servizo público: Augas de Galicia (Confederación Hidrográfica de Galicia-Costa), Axencia Galega de Infraestruturas, Retegal, S.A., Cellnex Telecom, S.A., Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Concello da Estrada, Concello de Campo Lameiro e Concello de Cerdedo-Cotobade.

A continuación relaciónanse os organismos que emitiron, nas datas que se indican, os correspondentes condicionados técnicos: Augas de Galicia (Confederación Hidrográfica de Galicia-Costa) o 28.4.2021, Axencia Galega de Infraestruturas o 11.3.2021, Retegal, S.A. o 26.3.2021 e o 22.12.2021, Cellnex Telecom, S.A. o 29.4.2021, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil o 20.4.2021 e Concello de Cerdedo-Cotobade o 10.4.2021.

O promotor prestou a súa conformidade ou deu resposta aos condicionados emitidos.

Para o resto de organismos que non contestaron, e de acordo co establecido no artigo 33.14 da Lei 8/2009, o prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de



execución será dun mes desde a recepción da solicitude. De non recibirse estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

Décimo. O 16.4.2021 a xefatura territorial emitiu informe en que indica que non existen dereitos mineiros vixentes afectados polo parque eólico Campo das Rosas.

Décimo primeiro. O 19.11.2021 a xefatura territorial remitiu o expediente a esta dirección xeral para continuar coa tramitación do procedemento, de acordo co previsto no artigo 33.16 da Lei 8/2009.

Décimo segundo. O 13.1.2022 o Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra emitiu informe en relación cos aproveitamentos forestais afectados polo parque eólico, en que indica que o proxecto afecta:

- A CMVMC de Caneda.
- A CMVMC de Morillas.
- A CMVMC de Quireza.
- A CMVMC de San Isidro.

Décimo terceiro. O 17.2.2022 a xefatura territorial efectuou o trámite de audiencia previsto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, cos titulares dos montes veciñais en man común afectados (Caneda, Morillas, Quireza e San Isidro), de acordo co informe do Servizo de Montes de Pontevedra recollido no antecedente de feito décimo segundo, concedéndolles un prazo de quince días para presentar as alegacións que cosiderasen oportunas. Durante o dito prazo, o 9.3.2022 a CMVMC de Quireza contesta ao devandito trámite de audiencia presentando unhas alegacións que foron trasladadas ao promotor o 17.3.2022, e este contestou o 29.3.2022. O resto das comunidades de montes veciñais en man común afectadas non presentaron alegacións.

Décimo cuarto. Con respecto ao estudo de impacto ambiental, solicitáronse informes aos seguintes organismos: Augas de Galicia (Confederación Hidrográfica Galicia-Costa), Axencia Turismo de Galicia, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Dirección Xeral de Defensa do Monte, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Dirección Xeral de Saúde Pública, Instituto de Estudos do Territorio, Concello da Estrada, Concello de Campo Lameiro e Concello de Cerdedo-Cotobade.



Formalizada a tramitación ambiental, o 20.12.2022, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a declaración de impacto ambiental (DIA) relativa ao parque eólico, que se fixo pública mediante o Anuncio do 21 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 5, do 9 de xaneiro de 2023).

Décimo quinto. O 13.1.2023, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais requiriulle ao promotor a documentación técnica refundida resultante como consecuencia dos diversos condicionados técnicos e alegacións realizadas polos distintos organismos durante o proceso de información pública.

Décimo sexto. O 27.1.2023, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais requiriulle ao promotor documento, suscrito por todos os titulares de instalacións con permisos de acceso e de conexión outorgados na posición de liña de chegada á subestación da rede, que acredite a existencia dun acordo vinculante para as partes en relación co uso compartido das infraestruturas de evacuación.

Décimo sétimo. O 31.1.2023 Naturgy Renovables, S.L.U. presentou documento relativo ao uso compartido das instalacións de evacuación da liña de alta tensión DC 66/220 kV Pico Touriñán-Tivo.

Décimo oitavo. O 2.2.2023 Naturgy Renovables, S.L.U. presentou o proxecto de execución e o arquivo *shape* da configuración final do parque eólico requirida no antecedente de feito décimo quinto.

Así mesmo, achegou unha declaración responsable en que indica que: «no proxecto de execución Modificado nº 1 parque eólico Campo das Rosas. Xaneiro de 2023, con número de visado 201802654, e data de visado 1.2.2023, non se identifican afecciones novas, respecto ás xa identificadas no proxecto anterior (nº visado 201802654 e data de visado 16.12.2020), e sobre as cales se emitiu informe a través das correspondentes separatas aos organismos competentes».

Décimo noveno. O 13.2.2023 Naturgy Renovables, S.L.U. achegou autorización do 13.2.2023 da Axencia de Seguridade Aérea (AESA) para a instalación do parque eólico Campo das Rosas, nos concellos de Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro e A Estrada (Pontevedra).



Vixésimo. O 2.3.2023 o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación emitiu informe técnico, para os efectos do disposto no artigo 33.16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Vixésimo primeiro. O 8.3.2023 a xefatura territorial remitiu o expediente relativo á declaración de utilidade pública a esta dirección xeral para continuar coa tramitación do procedemento, de acordo co previsto no artigo 33.16 da Lei 8/2009.

Vixésimo segundo. O 28.3.2023 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recibiu da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra do 27.3.2023, en relación co artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, con informe favorable sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais do proxecto do parque eólico Campo das Rosas.

Vixésimo terceiro. O parque eólico conta cos dereitos de acceso e conexión á rede para unha potencia de 27,6 MW, segundo os informes do xestor da rede do 9.8.2019 e do 22.3.2021.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG núm. 203, do 25 de outubro), e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro), polo artigo 39 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e polo artigo 46 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 248, do 30 de decembro).

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real



decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente, visto o seu contido e as respostas efectuadas pola promotora, cómpre manifestar o seguinte:

1. No que respecta ás alegacións de carácter ambiental, presentadas con anterioridade á declaración de impacto ambiental, hai que indicar que estas foron tidas en conta na declaración de impacto ambiental emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 20.12.2022, e onde se recollen as condicións desde un punto de vista ambiental en que se pode desenvolver o proxecto, así como as medidas correctoras e compensatorias necesarias e a necesidade dun plan de vixilancia ambiental.

Durante o trámite de avaliación de impacto ambiental a que o proxecto foi sometido, recibíronse informes dos seguintes organismos: Augas de Galicia (Confederación Hidrográfica Galicia-Costa), Axencia de Turismo de Galicia, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Dirección Xeral de Defensa do Monte, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Dirección Xeral de Saúde Pública, Instituto de Estudos do Territorio, Concello da Estrada, Concello de Campo Lameiro e Concello de Cerdedo-Cotobade.

Como consecuencia dos ditos informes e alegacións recibidos durante o trámite de avaliación de impacto ambiental a que o proxecto foi sometido, foron eliminadas as máquinas CR-01 e CR-07, así como as súas infraestruturas asociadas (vías de acceso e gabias do cables). A eliminación do aeroxerador CR-01 evita invadir o contorno de protección do Chozo de Pedra Longa e reduce a presenza visual á Casa de Monteagudo, e agora o aeroxerador máis próximo queda a unha distancia de 1,85 km. A eliminación do aeroxerador CR-07 reduce a afección sobre a saúde humana aos habitantes do núcleo de Cuíña.

En relación coa posible incidencia do PE Campo das Rosas na Rapa das Bestas de Sabucedo (declarada festa de interese turístico internacional no ano 2007), e por solicitude



da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático do 3.1.2022, a Axencia Turismo de Galicia emitiu un informe complementario sobre a afección sobre a festa da Rapa das Bestas, que indica que: «no que respecta á afección sobre as infraestruturas da festa da Rapa das Bestas non a afecta, salvo visualmente, do mesmo xeito que no percorrido das bestas con respecto á ruta de baixada A Ruta das Bestas un tramo desta está a menos de 100 m do aeroxerador CR-04, entendendo que non afecta sobre o seu desenvolvemento. Sinala, ademais, que o promotor reflicte a realización dun seguimento de medidas que serán consensuadas coa Administración e as entidades locais para compatibilizar a implantación do proxecto coa festa da Rapa das Bestas».

2. Con respecto á fragmentación do expediente do parque eólico Campo das Rosas (expediente IN408A 2017/005) con outros proxectos industriais, cómpre efectuar as seguintes consideracións:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, define o fraccionamento de proxectos como o «mecanismo artificioso de división dun proxecto co obxectivo de evitar a avaliación de impacto ambiental ordinaria, no caso de que a suma das magnitudes supere os limiares establecidos no anexo I». O pretendido fraccionamento tería como fin último eludir a avaliación ambiental ordinaria. Porén no caso de parques eólicos próximos entre si, non é posible (mediante o fraccionamento) evitar o seu sometemento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental, pola obriga de considerar os efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques xa construídos e/ou avaliados.

Así, no ámbito dos parques eólicos, o referido anexo I establece que estarán sometidas á avaliación ambiental ordinaria, entre outras, as «instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou que teñan máis de 30 MW ou que estean a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental».

Polo tanto, no caso das instalacións de aproveitamento eólico, o fraccionamento que se alega de adverso non produce os efectos denunciados (evitar que o proxecto teña que ser sometido a unha avaliación ambiental ordinaria). Dito noutras palabras, as presuntas vantaxes que desde o punto de vista da tramitación ambiental podería ter un fraccionamento non son tales, xa que a existencia doutros parques eólicos nas proximidades obriga á realización do trámite ambiental ordinario para o novo parque.

Por outra banda, a Lei 21/2013 obriga a que os estudos de impacto ambiental que presenten os promotores deban prever os efectos sinérxicos ou acumulativos derivados da



existencia doutros parques eólicos ou outro tipo de instalacións nas proximidades. Polo tanto, ese suposto «fraccionamento» dos proxectos non evita que a avaliación ambiental deba ter en conta o efecto derivado da proximidade doutras instalacións e infraestruturas.

O estudo de impacto ambiental do parque eólico obxecto da presente resolución, inclúe un estudo dos efectos sinérxicos con parques eólicos e liñas eléctricas situadas na súa contorna.

Cómpre sinalar que nada impide, desde o punto de vista da lexislación ambiental e do sector eléctrico, a execución de parques próximos entre si por parte dun mesmo ou distintos promotores e compartindo certas instalacións. Así o declarou o Tribunal Supremo na súa Sentenza do 11 de decembro de 2013 cando di que: «... unha cousa é que os distintos elementos e instalacións dun parque eólico deban ter unha consideración unitaria e outra que iso impida que poidan existir parques próximos e que estes poidan compartir a localización dalgúns elementos ou a liña de vertedura á rede».

Pola contra, tanto a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, como o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, así como o Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, obrigan a que se compartan as infraestruturas de evacuación, precisamente para evitar un maior impacto ambiental. En concreto, a disposición derradeira segunda do Real decreto 1183/2020 modifica o Real decreto 1955/2000 para condicionar a autorización administrativa das infraestruturas de evacuación á presentación, por parte dos titulares das ditas liñas de evacuación, dun documento que acredite a existencia dun acordo vinculante para o uso compartido destas por parte de todos os titulares de permisos de acceso e conexión na mesma posición de liña. En palabras do Alto Tribunal, na devandita Sentenza do 11 de decembro de 2013, «non podería darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificial e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supor unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores exixencias ambientais».

Pola súa parte, a Lei 8/2009 define parque eólico como a instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aeroxeradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria. Polo



tanto, de acordo con esta definición, pode colixirse o carácter unitario dun parque e considerarse autónomo e independente sempre que teña capacidade de funcionamento separado, sen prexuízo de que comparta infraestruturas de evacuación con outros parques. É máis, compartir infraestruturas de evacuación supón, como é lóxico, un menor impacto ambiental, obxectivo que hai que perseguir neste tipo de instalacións. Nesta mesma liña, a utilización de accesos comúns supón un uso máis racional do terreo, reducindo a superficie afectada polas instalacións.

No que respecta á definición de instalacións de conexión, a Lei 8/2009 remítese ao establecido no artigo 30 do mencionado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, entendendo por instalacións de conexión de centrais de xeración aquelas que sirvan de ligazón entre unha ou varias centrais de xeración de enerxía eléctrica e a correspondente instalación de transporte ou distribución, incluíndo liñas e subestacións.

Neste caso concreto, o parque eólico Campo das Rosas comparte infraestruturas de evacuación cos outros parques eólicos, o que non impide que os ditos parques teñan carácter unitario e que poidan funcionar de forma independente, posto que cada un deles dispón dos correspondentes equipamentos de corte e medida da enerxía, e que ao mesmo tempo supón unha redución dos impactos ambientais xerados.

Tal e como se menciona no antecedente de feito décimo sétimo, o 31.1.2023 Naturgy Renovables, S.L.U. presentou documento relativo ao uso compartido das instalacións de evacuación da liña de alta tensión DC 66/220 kV Pico Touriñán-Tivo, tal e como prescribe o artigo 123.2 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, modificado polo Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

3. As alegacións de carácter urbanístico, relativas á cualificación do solo correspondente aos terreos afectados, serán consideradas no momento de proceder á resolución da aprobación do proxecto de interese autonómico. No que respecta ás distancias aos núcleos de poboación, cómpre manifestar que o proxecto que se aproba mediante esta resolución conta co informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como se recolle no antecedente de feito quinto e onde se acredita que todos os núcleos poboacionais se encontran a unha distancia superior aos 500 metros da instalación.

4. En relación coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas e



corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento...), así como das afectacións reais do proxecto sobre eles.

5. No que respecta á validez e aplicación do Plan sectorial eólico de Galicia, cómpre subliñar que este segue vixente e resulta plenamente aplicable. A Lei 8/2009, do 22 de decembro, ampara a plena vixencia e aplicabilidade do plan preexistente mentres non se aprobe un novo, ao establecer na súa disposición transitoria terceira que: «en canto non se aprobe un novo plan sectorial eólico de Galicia entenderase aplicable o actualmente vixente en todo aquilo que non se opoña ao establecido nesta lei».

Á marxe do anterior, cómpre lembrar que na tramitación de cada procedemento de autorización de parques eólicos a Administración observa a normativa ambiental en vigor, incorporando aos expedientes os informes e actuacións legalmente exixibles.

Así mesmo, en relación coa necesidade de someter o Plan sectorial eólico de Galicia ao trámite de avaliación ambiental estratéxica, cómpre manifestar que este plan foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 1 de outubro de 1997, e o acordo publicouse no DOG do 15.12.1997.

Posteriormente, publicouse no DOG do 3.1.2003 o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 5.12.2002, polo que se aproba definitivamente a modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Plan eólico de Galicia.

En ambos os casos cumpriuse co disposto no procedemento de aprobación, segundo o establecido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Cómpre ter en conta que coa aprobación da primeira lei de avaliación ambiental estratéxica, Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, todos os plans tramitados polas administracións públicas deben someterse a avaliación ambiental. Non obstante, a propia lei recollía unha moratoria para os plans que estaban nese ano nun estado moi avanzado de tramitación. Logo, este procedemento ambiental soamente obriga os plans que iniciaron a súa tramitación a partir do ano 2006 e non pode aplicarse con efectos retroactivos.



6. No caso de alegacións presentadas con posterioridade á declaración de impacto ambiental, inadmítense, de conformidade co artigo 23 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, por presentárense fóra dos prazos de información pública e consultas regulados nos artigos 21 e 22 da devandita lei.

No caso de escritos recibidos de oposición á declaración de impacto ambiental do 20.12.2022, segundo o establecido no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se autoriza o proxecto.

Cuarto. En relación coa compatibilidade entre o parque eólico e os dereitos mineiros que afectan a súa poligonal, a xefatura territorial emitiu informe o 16.4.2021 (antecedente de feito décimo). Neste último conclúese o seguinte:

- Non constan dereitos mineiros vixentes (na provincia de Pontevedra e tramitados nesta xefatura territorial) na zona definida na documentación achegada.
- Non constan zonas de reserva a favor do Estado na provincia de Pontevedra nin se dispón de plan sectorial e/ou criterios orientadores en relación con el.

Quinto. No que respecta á compatibilidade do parque eólico cos montes afectados, e de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, finalizado o trámite de audiencia coas CMVMC de Caneda, Morillas, Quireza e San Isidro, o 28.3.2023 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remítelle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais informe sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais afectados do 27.3.2023 realizado polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Pontevedra que se transcribe a continuación:

«Así, atendendo a todo o anteriormente exposto e en cumprimento do artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, infórmase favorablemente sobre a compatibilidade do aproveitamento forestal do proxecto de parque eólico Campo das Rosas e a súa liña de evacuación, salvo nas zonas de pleno dominio e a súas correspondentes faixas de xestión da biomasa, sempre que se cumpra a lexislación vixente e se teñan en conta os condicionantes citados».

Sexto. A continuación recóllese a información exixida nas letras a) e b) do artigo 42.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, respecto da declaración de im-



pacto ambiental (DIA) das instalacións do parque eólico Campo das Rosas, formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 20.12.2022, e recollida no antecedente de feito décimo cuarto desta resolución:

a) A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolveu: «Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Campo das Rosas e da súa infraestrutura de evacuación, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e na restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA».

b) A DIA que nos ocupa refírese ás instalacións do parque eólico Campo das Rosas.

Nos números 4 e 5 da DIA recóllense as condicións que complementan, matizan ou su-
bliñan as incluídas no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada,
distribuídas nos seguintes ámbitos:

4. Condicións ambientais.

4.1. Condicións particulares.

4.2. Condicións xerais.

4.2.1. Protección da atmosfera.

4.2.2. Protección das augas e leitos fluviais.

4.2.3. Protección do solo e infraestruturas.

4.2.4. Xestión de residuos.

4.2.5. Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais.

4.2.6. Integración paisaxística e restauración.

4.3. Outras condicións.



5. Programa de vixilancia e seguimento ambiental.

5.1. Aspectos xerais.

5.2. Aspectos específicos.

5.3. Informes do programa de vixilancia.

De acordo co exposto, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte

ACORDO:

Primeiro. Outorgar autorización administrativa previa ás instalacións do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e promovido por Naturgy Renovables, S.L.U., para unha potencia de 25,56 MW.

Segundo. Outorgar autorización administrativa de construción ao proxecto de execución das instalacións do parque eólico Campo das Rosas, composto polo documento Proxecto de execución modificado nº 1 e Proxecto de execución modificado nº 1 de infraestrutura eléctrica de evacuación, do parque eólico Campo das Rosas asinado electronicamente por Ricardo Lago Alonso o 31.1.2023 e por Consolación Alonso Alonso o 1.2.2023 e visado co nº 201802654 o 1.2.2023 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Madrid.

As características principais recollidas no proxecto son as seguintes:

Solicitante: Naturgy Renovables, S.L.U.

Domicilio social: avenida de San Luis, nº 77, 28033 Madrid.

Denominación: parque eólico Campo das Rosas.

Potencia instalada: 25,56 MW.

Potencia autorizada/evacuable: 25,56 MW.

Produción neta: 67.295 MWh/ano.



Horas equivalentes netas: 2.633 h.

Concellos afectados: A Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).

Orzamento de execución material (sen IVE): 25.539.444,38 euros.

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico, a que se circunscriben as autorizacións:

Vértice poligonal	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
P1	542.000,00	4.709.809,00
P2	542.000,00	4.711.500,00
P3	544.350,00	4.716.600,00
P4	546.870,00	4.716.600,00
P5	546.870,00	4.715.485,98
P6	547.270,00	4.715.231,66
P7	547.270,00	4.714.940,06
P8	547.041,64	4.714.821,97
P9	546.870,00	4.714.821,97
P10	546.870,00	4.713.600,00
P11	544.150,00	4.709.809,00

Coordenadas dos aeroxeradores do parque eólico:

Aeroxerador	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
CR-02	545.559	4.715.613
CR-03	545.119	4.715.279
CR-04	545.863	4.715.021
CR-05	542.505	4.710.719
CR-06	543.410	4.711.146
CR-08	543.641	4.710.326



Coordenadas das torres metereolóxicas do parque eólico:

Torre met.	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
TM 1	545.144	4.714.453
TM 2	543.450	4.710.050

Coordenadas da envolvente do centro de seccionamento e medida:

	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
A	543.908	4.712.086
B	543.896	4.712.045
C	543.869	4.712.053
D	543.881	4.712.094

Coordenadas da envolvente da subestación Quireza:

	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
A	543.602	4.713.633
B	543.602	4.713.703
C	543.633	4.713.703
D	543.633	4.713.633

Características técnicas principais das instalacións eléctricas de produción, interconexión e transformación:

– 6 aerogeradores de 4.260 kW de potencia nominal unitaria, 138 m de diámetro de rotor e altura da buxa de 94 metros, correspondente co modelo Enercon-138, ou similar, xunto cos seus correspondentes centros de transformación con potencia aparente de 5.000 kVA, grupo de conexión Dyn5 e tensión 0,65/30 kV, situados no seu interior.



– 2 liñas soterradas a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores ata o centro de seccionamento de 10.510 m, denominadas circuíto nº 1 CR-02, CR-03, CR-04 e o CS e circuíto nº 2 CR-05, CR-06, CR-08 e o CS.

– Centro de seccionamento do PE Campo das Rosas con celas blindadas de interior en 30 kV. Estará constituído por un edificio prefabricado que alberga as celas de MT e elementos auxiliares. Contará cun transformador de servizos auxiliares de interior de 50 kVA e 30/0,4-0,23 kV. Cabe destacar que no devandito centro de seccionamento se enlaza a liña de evacuación de Porto Vidros cunha potencia de 10,35 MW.

– Unha liña aero-soterrada de 30 kV, de 1,7 km, que parte do centro de seccionamento e finaliza nunha nova subestación elevadora 220/30 kV Quireza.

– Subestación elevadora 220/30 kV Quireza, constituída por un parque de intemperie en que se instala unha posición liña-transformador en 220 kV con tecnoloxía convencional e un edificio prefabricado que alberga as celas de MT e elementos auxiliares.

– Liña aérea 220 kV de 77,6 m, que parte da posición a 220 kV da SET 220/30 kV Quireza e finaliza no apoio nº 1 da LAT 220 kV Tivo-Pico Touriñán. Esta liña en unión á que está en proceso de tramitación dará lugar á LAT 220 kV SET-Quireza-Tivo.

– 2 estacións anemométricas, equipadas con torres autosoportadas de 94 m de altura, equipadas con 5 anemómetros a 94, 90, 70, 50 e 30 m e 3 cataventos a 90, 70 e 80 m.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE núm. 351, do 17 de decembro).

Cuarto. Declarar a compatibilidade do parque eólico cos montes veciñais en man común afectados: Caneda, Morillas, Quireza e San Isidro.

Esta autorización axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Consonte o disposto no artigo 4 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, Naturgy Renovables, S.L.U. constituirá, con carácter previo ao inicio



das obras, unha fianza para garantir o cumprimento do deber de restaurar os terreos ocupados polo parque eólico na fase de obras. O importe da fianza fíxase, por proposta da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en 191.546 euros.

A dita fianza depositarase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias. A súa devolución efectuarase de acordo co establecido no artigo 6 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, unha vez depositada a fianza para garantir o deber de restaurar os terreos ocupados na fase de desmantelamento.

2. Para a inscrición da instalación no Rexistro Autonómico creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (DOG núm. 135, do 14 de xullo), a promotora efectuará a correspondente solicitude, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido.

3. A instalación adaptarase ao procedemento de captación e procesamento de datos de produción de enerxía eléctrica de Galicia regulado pola Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 23 de xaneiro de 2009, pola que se establece o procedemento para a captación e procesamento dos datos de produción enerxética das instalacións acollidas ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 37, do 23 de febreiro).

4. Con anterioridade ao prazo dun mes do inicio das obras, a promotora deberá achegar á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o plan de vixilancia e seguimento ambiental, de acordo coas consideracións establecidas no punto 5 da declaración de impacto ambiental.

5. De acordo coas condicións establecidas na declaración de impacto ambiental (DIA) emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 20.12.2022, o promotor deberá contar, con carácter previo ao inicio das obras, cos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de acordo cos números 4.1.2, 4.1.3 e 4.1.4 da DIA.

6. Conxuntamente coa solicitude de autorización de explotación das instalacións, a promotora deberá presentar ante a xefatura territorial un certificado de final de obra suscrito por técnico facultativo competente, en que conste que a instalación se realizou de acordo



coas especificacións contidas no proxecto de execución que se aproba mediante esta resolución, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia, de acordo co artigo 132 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Así mesmo, deberá presentar ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais un plano *as built* e outro plano cartográfico en formato *shape* das instalacións do parque eólico.

7. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, e con carácter previo á súa posta en servizo, a Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas e verificará o cumprimento das condicións establecidas nesta resolución e as demais que sexan de aplicación.

8. En canto aos bens e dereitos afectados por este parque eólico e adscritos ás distintas administracións, organismos ou empresas de servizo público ou de servizos de interese xeral, o promotor cumprirá cos condicionados e informes emitidos por estes, para os cales mostrou a súa conformidade.

No caso de que se manifestasen perturbacións ou interferencias nos servizos de telecomunicacións legalmente autorizados, directamente atribuíbles ás instalacións do parque eólico, o promotor deberá adoptar as medidas necesarias para restablecer as condicións previas de calidade dos servizos afectados e para eliminar calquera posible afectación a estes.

9. De conformidade coa disposición transitoria cuarta da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, a promotora disporá dun prazo de tres anos, contados desde a notificación da autorización administrativa de construción, para solicitar a correspondente autorización de explotación. En caso de incumprimento, poderá producirse a revogación das mencionadas autorizacións nos termos establecidos no número 10 do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

10. O parque eólico deberá cumprir cos requisitos que se recollan nos procedementos de operación aprobados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que lle resulten de aplicación.



11. A promotora deberá dar cumprimento a todas as condicións establecidas na declaración de impacto ambiental do 20.12.2022, así como ás establecidas no correspondente programa de vixilancia e seguimento ambiental.

12. De acordo co establecido no artigo 53.10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á revogación das autorizacións, logo de audiencia do interesado.

13. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou doutros condicionados técnicos de organismos ou empresas de servizo público ou interese xeral afectados, necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

14. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* de acordo co establecido no artigo 34.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.





ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Campo das Rosas

ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)		Parque eólico (ocupación temporal)				
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT	
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
A Estrada	108	Matogueira	203	967	Pedra Furada	Feliciatas Eiras García			CR-03	288,30									
A Estrada	109	Matogueira	203	969	Montería	Narciso Souto Lorenzo			CR-03	306,83									
A Estrada	110	Matogueira	203	971	Montería	José Souto Cerviño			CR-03	540,29									
A Estrada	111	Matogueira	203	973	Montería	Jaime Picallo Souto			CR-03	373,99			CR-03	39,29					
A Estrada	112	Matogueira	203	975	Montería	José Souto Lorenzo			CR-03	442,68			CR-03	151,16					
A Estrada	113	Matogueira	203	977	Montería	Serafín Cerviño Vilaboa			CR-03	405,31			CR-03	138,83					
A Estrada	114	Matogueira	203	976	Montería	Serafín Cerviño Vilaboa			CR-03	859,74			CR-03	613,66					
A Estrada	115	Matogueira	203	972	Montería	Jaime Picallo Souto							CR-03	127,53					
A Estrada	116	Matogueira	203	974	Montería	José Souto Lorenzo							CR-03	155,10					
A Estrada	117	Matogueira	203	979	Montería	Amparo Souto Ulla			CR-03	1.580,35			CR-03	1.807,95					
A Estrada	118	Matogueira	203	990	Pena Cebreal	Nonila Álvarez Rodríguez			CR-03	74,47									
A Estrada	119	Matogueira	203	992	Pena Cebreal	Amparo Souto Ulla							CR-03	82,33					
A Estrada	120	Matogueira	203	993	Pena Cebreal	Narciso Souto Lorenzo							CR-03	689,59					
A Estrada	121	Matogueira	203	994	Pena Cebreal	Modesto Eiras Picallo							CR-03	990,35					





ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)			Parque eólico (ocupación temporal)		
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
A Estrada	122	Matogueira	203	995	Pena Cebral	Felicitas Eiras García			CR-03	67,71			CR-03	1.033,99				
A Estrada	123	Matogueira	203	996	Pena Cebral	Rosalía Taboada Aran José Taboada Aran	CR-03	17,52	CR-03	188,84			CR-03	793,69				
A Estrada	124	Matogueira	203	997	Pena Cebral	Dolores Eirin Picallo María del Carmen López Eirin	CR-03	268,17	CR-03	101,47			CR-03	729,83				
A Estrada	125	Matogueira	203	998	Pena Cebral	María Divina Picallo Bao	CR-03	94,12	CR-03	91,83			CR-03	401,59				
A Estrada	126	Matogueira	203	999	Pena Cebral	José Antonio Picallo Suárez			CR-03	139,87	280,85		CR-03	1.001,51	38,70			
A Estrada	127	Matogueira	203	1000	Pena Cebral	Manuel Picallo Tato					354,77		CR-03	597,46	42,74			
A Estrada	128	Matogueira	203	1001	Pena Cebral	María del Carmen Iglesias Cachafeiro					293,32		CR-03	434,76	39,57	14,72		
A Estrada	129	Matogueira	203	1002	Pena Cebral	Jaime García Picallo					307,37		CR-03	297,38	49,91	61,37		44,01
A Estrada	130	Matogueira	203	1003	Pena Cebral	Nazario Picallo Penela					222,02				39,60	51,93		54,66
A Estrada	131	Matogueira	203	1004	Pena Cebral	Adolfo Caeiro García					449,79				80,58	108,09		109,93
A Estrada	132	Matogueira	203	1007	Carbelo	Luz Divina Darriba Eiras					384,43				76,42	102,29		104,34
A Estrada	133	Matogueira	203	1010	Carbelo	Alfonso Fernández Porta					141,21				20,17	43,15		22,27
A Estrada	134	Matogueira	203	1009	Carbelo	Alfonso Fernández Porta					86,64				15,53	23,37		22,63
A Estrada	135	Matogueira	203	1011	Carbelo	Dolores Eirin Picallo María del Carmen López Eirin										1,10		





ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)			Parque eólico (ocupación temporal)			
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT	
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
A Estrada	136	Matogueira	203	1012	Carbelo	María del Carmen López Eirín Dolores Eirín Picallo										0,63			
A Estrada	137	Matogueira	203	1013	Carbelo	José Taboada Aran Rosalía Taboada Aran					11,10					28,80			
A Estrada	138	Vía de comunicación de dominio público	202	9003	Camión rural	Concello da Estrada			CR-02	386,56	295,28		CR-02	76,43	54,10	75,97			73,86
A Estrada	139	Matogueira	202	620	Carbelo	Alfonso Fernández Porta					616,70				118,43	153,88			163,77
A Estrada	140	Matogueira	202	621	Carbelo	Dolores Eirín Picallo					429,98				81,77	94,34			112,37
A Estrada	141	Matogueira	202	622	Carbelo	Rosalía Taboada Aran José Taboada Aran					228,46				66,89				99,79
A Estrada	142	Matogueira	202	623	Carbelo	José Alfonso Bara Cerviño Alberto Bara Cerviño					923,62				283,82	43,42			423,17
A Estrada	143	Matogueira	202	624	Carbelo	Jaime Picallo Suárez					1.187,47				115,53	424,05			126,19
A Estrada	144	Matogueira	202	590	Foxo Vello	Descoñecido Fiscalía Provincial de Pontevedra					85,85					57,50			
A Estrada	145	Matogueira	202	630	Montería	José Souto Cerviño					9,91				20,97				47,59
A Estrada	146	Matogueira	202	629	Montería	Jaime Picallo Souto					67,17				27,05				36,19
A Estrada	147	Matogueira	202	628	Montería	Esther Rivas Souto					107,10				22,93	7,59			30,94
A Estrada	148	Matogueira	202	627	Montería	José Souto Lorenzo					109,80				25,01	32,75			37,29



ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)		Parque eólico (ocupación temporal)				
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT	
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
A Estrada	149	Matogueira	202	626	Montería	Seraffín Cerviño Vilaboa					191,56				42,69	51,01		54,53	
A Estrada	150	Matogueira	202	625	Montería	Aida Rivas Souto Amparo Souto Ulla					592,45				89,54	131,98		119,02	
A Estrada	151	Matogueira	202	588	Foxo Vello	Manuel Eirin Gago					86,97					77,31			
A Estrada	152	Matogueira	202	617	Cerrada de Quintas	María Ángeles Penela Teira					592,57				83,65	155,88		94,26	
A Estrada	153	Matogueira	202	589	Foxo Vello	Eduardo Ventin Pallin José Manuel Ventin Pallin					869,26				161,99	180,33		224,81	
A Estrada	154	Matogueira	202	594	Foxo Vello	Esther Rivas Souto					249,26				55,50	71,86		76,89	
A Estrada	155	Matogueira	202	595	Foxo Vello	Manuel Silva Romar					214,15				42,80	58,04		58,61	
A Estrada	156	Matogueira	202	596	Foxo Vello	José Ignacio Ramón Taboada Suárez					489,05				93,56	125,79		128,05	
A Estrada	157	Matogueira	202	597	Foxo Vello	Manuel Silva Romar					293,11				42,29	97,17		49,51	
A Estrada	158	Eucaliptos	202	600	Foxo Vello	José Manuel Pérez Rey María del Carmen Pérez Rey			CR-02	175,94									
A Estrada	159	Matogueira	202	601	Lomba	María Carmen García Quiveo			CR-02	335,28									
A Estrada	160	Matogueira	202	458	Foxo Vello	Luis Castro Rodríguez			CR-02	32,30									
A Estrada	161	Matogueira	202	702	Lomba	Manuel Quiveo García			CR-02	138,65									
A Estrada	162	Matogueira	202	701	Lomba	Manuel Quiveo García			CR-02	137,24									
A Estrada	163	Matogueira	202	656	Lomba	María Carmen García Quiveo			CR-02	2.827,63			CR-02	2.637,98					





ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)			Parque eólico (ocupación temporal)			
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT	
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
A Estrada	164	Matogueira	202	655	Foxo Vello	José Manuel Pérez Rey María del Carmen Pérez Rey	CR-02	379,82	CR-02	2.350,92			CR-02	1.483,10	26,46				
A Estrada	165	Matogueira	202	654	Foxo Vello	María Cristina Barros García			CR-02	141,55	124,75		CR-02	1.477,07	52,82				
A Estrada	166	Matogueira	202	700	Foxo Vello	María del Pilar Gómez Barros			CR-02	37,49			CR-02	506,91					
A Estrada	167	Matogueira	202	653	Foxo Vello	Manuel Silva Romar					336,38		CR-02	1.938,38	91,55	21,02			52,83
A Estrada	168	Matogueira	202	648	Pedra Furada	Manuel Castro Novoa							CR-02	15,71					
A Estrada	169	Matogueira	202	649	Pedra Furada	Adolfo Caeiro García							CR-02	245,86					
A Estrada	170	Matogueira	202	650	Pedra Furada	María del Rosario Darriba Souto							CR-02	848,99					
A Estrada	171	Matogueira	202	651	Pedra Furada	Lorenzo Rey Brea							CR-02	532,06					
A Estrada	172	Matogueira	202	657	Lomba	Dolores Eirin Picallo María del Carmen López Eirin							CR-02	3,66					
Ceredo-Cotobade	173	Piñeiral madeirable	1	1777	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					8.213,49				1.369,36	2.297,88			1.927,07
Ceredo-Cotobade	174	Vía de comunicación de dominio público	1	9002	Camión rural	CMVMC de Quireza-Montouto			CR-04	25,17	25.844,12		CR-04	96,50	1.617,24	1.890,69			1.318,64
Ceredo-Cotobade	175	Piñeiral madeirable	1	1774	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto	CR-04	379,82	CR-04	6.725,58	12.238,08		CR-04	9.709,69	264,98	4.685,72			188,92
Ceredo-Cotobade	176	Matogueira	1	1861	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					6.208,19					2.484,07			
Ceredo-Cotobade	177	Piñeiral madeirable	29	49	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					652,18					281,89			



ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)			Parque eólico (ocupación temporal)			
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT	
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
Cerdedo-Cotobade	178	Piñeiral madeirable	29	50	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					4.008,01					2.395,86			
Cerdedo-Cotobade	179	Vía de comunicación de dominio público	29	9002	Camión rural	CMVMC de Qireza-Montouto					5.407,49					451,12			
Cerdedo-Cotobade	180	Piñeiral madeirable	29	52	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					2.956,98					2.007,64			
Cerdedo-Cotobade	181	Matogueira	1	1860	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					3.167,14				967,72	699,78			1.663,11
Cerdedo-Cotobade	182	Piñeiral madeirable	1	1778	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					13.977,00	1.810,59			5.079,70	415,63	467,12		12.718,78
Cerdedo-Cotobade	183	Matogueira	1	1859	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					386,74					244,12			
Cerdedo-Cotobade	184	Matogueira	1	1862	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					8.414,13				311,81	3.171,26			399,14
Cerdedo-Cotobade	185	Matogueira	1	1745	Fontiña	María Valiñas Fernández					81,30					79,04			
Cerdedo-Cotobade	186	Matogueira	1	1744	Lama	Preciosa Garrido Paz					174,56				8,34	104,87			3,53
Cerdedo-Cotobade	187	Matogueira	1	1743	Fonteiña	Manuel García Garrido					340,56				26,96	107,61			21,04
Cerdedo-Cotobade	188	Matogueira	1	1858	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto					4.177,28				359,88	1.536,16			567,68
Cerdedo-Cotobade	189	Matogueira	1	1717	Covas	Antonia Fontenla Fernández					47,52					91,41			
Cerdedo-Cotobade	190	Matogueira	1	1718	Covas	Esclavitud Pérez López					1.413,42				170,25	117,01			537,29
Cerdedo-Cotobade	191	Covas	1	1715	Covas	Mª de los Ángeles Blanco Rodríguez					852,38				91,24	184,11			206,70





ID			Catastro			Datos identificativos	Parque eólico (pleno dominio)						Parque eólico (servidume)		Parque eólico (ocupación temporal)			
							Cimentación		Plataforma		Vías	Sub./CS	Voo aéreo		Gabias MT	Vías	Sub./CS	Gabias MT
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
Cerdedo-Cotobade	192	Matogueira	1	1857	Monte Montouto	Veciños de Quireza					1.149,26				145,94	197,91		446,35
Cerdedo-Cotobade	193	Matogueira	1	1711	Covas	Francisco Ferreiro Álvarez					133,77				46,87			143,47
Cerdedo-Cotobade	194	Matogueira	1	1710	Covas	José Barreiro Ferreiro					869,52				106,72	113,06		152,36
Cerdedo-Cotobade	195	Matogueira	1	1709	Covas	José Barreiro Ferreiro					157,12					80,29		
Cerdedo-Cotobade	196	Matogueira	1	1855	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					422,25					228,21		
Cerdedo-Cotobade	197	Matogueira	1	1854	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					35,66					12,53		
Cerdedo-Cotobade	198	Matogueira	1	1853	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					422,96				0,45	214,71		
Cerdedo-Cotobade	199	Matogueira	1	1850	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					15.050,29				1.060,58	5.587,25		1.674,61
Cerdedo-Cotobade	200	Matogueira	1	1851	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto					3.092,41				1.011,12			2.220,32
Cerdedo-Cotobade	201	Prado ou pradaría	1	1690	Devesa	CMVMC de Quireza-Montouto					616,34				79,81	135,53		131,56
Cerdedo-Cotobade	202	Matogueira	1	1677	Devesa	María Luisa Maceda Fernández										20,22		
Cerdedo-Cotobade	203	Matogueira	1	1848	Monte Montouto	Veciños de Quireza					95,99				32,10	2,01		47,72
Cerdedo-Cotobade	204	Pasteiro	4	901	Monte Montouto	CMVMC de Quireza-Montouto	CR-06	379,82	CR-06/08	6.217,16	12.633,37		CR-06	10.123,81	2.670,21	2.827,23		2.908,47
Campo Lameiro	207	Piñeiral madeirable	8	166	Monte veciñal	CMVMC de San Isidro	CR-08	379,82	CR-08	7.652,57	23,22		CR-08	9.117,06	323,54	17,40		280,74



ID			Catastro			Datos Identificativos	Liñas de evacuación (pleno dominio)			Liñas de evacuación (servidume)				Liñas de evacuación (ocupación temporal)		
							Apoios		Sub. Enlace/Col	Voo da liña eléctrica	Accesos apoios	LAT interc. entre SET Col e conexión	Liñas soterradas de AT	Gabias AT	Liña eléctrica: círculo de afección de apoios	Sub. Col..
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Nº	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
Cerdedo-Cotobade	174	Vía de comunicación de dominio público	1	9002	Camiño rural	CMVMC de Qireza-Montouto				844,49						
Cerdedo-Cotobade	182	Piñeirai madeirable	1	1778	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto	AP.1-AP.3-AP.4-AP.5-AP.6-AP.7-AP.8	164,18	3.998,00	18.882,58	2.294,82	977,30	1.185,08	1.176,51	8.795,27	820,00
Cerdedo-Cotobade	199	Matogueira	1	1850	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto				90,40						
Cerdedo-Cotobade	200	Matogueira	1	1851	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto	AP.2	28,68		6.241,36	174,91				1.256,47	

ID			Catastro			Datos identificativos	Outras figuras de ocupación			
							Torre meteorolóxica	Acceso torre meteorolóxica	Gabias MT	Ocupacións temporais
Concello	Nº predio Naturgy	Tipoloxía	Pol.	Parc.	Lugar	Titular/organismo	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)	Sup. (m²)
Cerdedo-Cotobade	173	Piñeirai madeirable	1	1777	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto		380,56		594,47
Cerdedo-Cotobade	174	Vía de comunicación de dominio público	1	9002	Camiño rural	CMVMC de Qireza-Montouto		680,46	96,83	859,56
Cerdedo-Cotobade	181	Matogueira	1	1860	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto		3.918,80	1.201,82	4.588,36
Cerdedo-Cotobade	182	Piñeirai madeirable	1	1778	Monte Montouto	CMVMC de Qireza-Montouto	100,00	399,94	97,05	498,37
Campo Lameiro	207	Piñeirai madeirable	8	166	Monte veciñal	CMVMC de San Isidro	100,00	2.731,33	798,68	4.787,93